

A súa orixe áchase no corazón do San Mamede entre corgas, penedos, ríos e covas. No Val do Medo houbo grupos tribais, sociedades de máscaras, megalitismo e cultos zoolátricos. A demografía castrexa e a Vía Nova acadaron unha interpretación cultural diferente. No medievo Maceda asentou bastión fortificado e, coa concesión da feira no 1401, despregou o burgo. Logo veu a revolta irmandiña e a rebelión dos vasalos. No enigma dos Felos áchanse esas reminiscencias.

A súa carauta estase a converter no emblema do Entroido galego en irmandade cos do Támega. Porén, amosa masculinización do feminino e mitra faunística da nosa serra. Co caxato como arma erótica e intimidatoria, a máscara semella transgresora con autoridade, inmunidade e poder de persuasión.

Antano as parellas de Felos aparecían mesmo ao lumbrigar o ano con desprazamentos a pé, trouleo nos asentamentos e faldreo coas mulleres, nun xogo lúbrico e cómplice co caxato. Acougaban nas palleiras os solteiros con rexouba, anarquía e espírito ceibe. Hogano o Sábado de Entroido reflictan poder de convocatoria. O batallón de Felos vai dende Castro de Escuadro con percorridos polo cordal do San Mamede e asentamentos do Val do Medo. Sempre benvidos nas aldeas e nos lugares amosan brincadeiras, boureo e confraternidade até o solpor.

O cosmopolitismo e a afirmación encriptada do universo Felo vén da man do filántropo Emilio Araúxo e do selo AMASTRA-N-GALLAR. A poetisa sueca Helena Eriksson esculcou na criptografía do enigma: “**I love Peliqueiro but I am Felo**”.